

Desexámosvos...

un bo
LIBRO

e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2010

DENDE A
BIBLIOTECA



EDUCACIÓN INFANTIL:

PENSANDO
“NES A”
CARTA ...

...que tod@s pensades

escribir ...

... a canta xente máxica esté disposta a manter a vosa ilusión , porque nestas datas sempre vos da pola vena epistolar... pois de novo suxerencias para pedichonear:



• Lara/Antón/María/Óscar-M. Corleone-Everest: Tod@s soñan con medrar, ir mercar sen compañía, ser futbolistas, escritor@s, astronautas, e ti, con que soñas?




• Colin y la increíble siesta-L. Hodgkinson-Coco Books: Colin cae de sono, pero é un gato "sen teito". Atopa unha caixa de cartón e métese Nela a durmir. Só que a caixa é embalada e enviada ... a onde?

lada e enviada ... a onde?


• Un conto cheo de lobos-R. Aliaga-OQO: Os lobos dos contos viven xuntos agardando que os chamen para un novo conto, pero cando a fame apreta, teñen que saír na busca de comida.



• A lúa ladroa-P. Albo-OQO: Desaparécelle o chupete e mamá asegura que foi a Lúa. Na busca do chupete, atopa ao Collo, vello amigo, que lle axudará na busca.




• Sombras-S. Lee-Barbara Fiore: Chegas ao soto. Prendes a luz. O espazo énchese de todo canto podas imaxinar. As sombras medran e medran.



• Andrés Cabeza Abaixo-P. Albo-OQO : Andrés é pesimista. O peor é que acerta. O ogro que o papou, papou antes a un dragón que papou aun oso que... E aló vai o Andrés de estómago en estómago. Coma ninguén o recata, decide saír.

• Que fai falta?-G. Rodari-Kalandraka: Para ter unha mesa, fai falta madeira, e para ter madeira... E de necesidade en necesidade, ata onde podemos chegar?



• Splat el gato-R. Scotton-Jaguar, Miao: Splat non quere ir ao cole no seu primeiro día de clase, pero mamá non cede. Para non sentirse só leva ao seu amigo o rato. Claro que no cole ensínanlle que os gatos persiguen... RATOS!!!



• ¡El yayo es... el yayo!-L. Mesina-TakaTuka: A veces o avó é coma un bebé, hai que darlle de comer, equivócase, hai que coidallo. Con humor e ternura, dous puntos na mesma liña da vida.

